FEIRACO

FEIRACO, S. COOP. G.

Nº 102

febreiro 2013

HOMENAXE A TRABALLADORES

I XORNADA TÉCNICO ECONÓMICA

COA MIRADA POSTA EN 2015

As cooperativas crean unha correduría de Seguros (UCOGA), unha OPL a nivel autonómico (APROLACT) e outra de ámbito nacional

FEIRACO

FÁBRICA E OFICINAS
Ponte Maceira
Agrón – Ames – A Coruña
Apartado 19
15830 Negreira – A Coruña

Teléfono	981 885 125
Fax	981 885 702
Centraliña	981 818 340
Pedidos de pensos	981 818 341
Pedidos de fertilizantes e sementes	981 818 342
Atención veterinaria	981 818 343
Dpto. Comercial	981 818 344
Distribución de gasóleos e repostos	981 818 345
Asesoría fiscal	981 818 346
Inspección e recollida	981 818 347
Sección de Carne	981 818 348
Servizos de Seguros	981 818 248

AXENCIAS

Ordes– Merelle	981 681 078
A Picota	981 852 000
Santa Comba	981 880 406

DELEG. COMERCIAIS

A Coruña	981 673 185
Lugo	982 857 855
Asturias	985 277 911
Zaragoza	976 337 714
Madrid	916 934 700
Cartaxena	968 511 428
Valencia	961 588 477
Andalucía	954 253 515
Estremadura	924 257 006
Ourense	988 515 411
Pontevedra	986 771 166
Salamanca	923 242 091
Valladolid	983 394 655
León	987 208 512
País Vasco	630 035 503
Barcelona	932 384 277
Palma	971 605 454
As Palmas	928 130 320
Tenerife	922 226 042

CONSELLO REITOR

PRESIDENTE
D. José Severino Montes Pérez

VICEPRESIDENTE
D. Domingo Ces Ares
(Repr. Cesares Holstein, S.C.)

TESOUREIRO
D. Javier Pérez Romero

SECRETARIA
Dª María Dolores Pombo Rama
(Repr. Ganadería Casás, S.C.)

VOCAIS
D. José Antonio Cal Duarte
D. Sergio Busto Beade
(Repr. Yudes M. Beade Nieto, S.C.)
Dª Beatriz Míguez del Río
(Repr. As Laxes, S.C.)
Dª Carmen Rodríguez Rodríguez
(Repr. Ganadería A Barra, S.C.)
D. Ramón Senra Ríos
(Repr. Ganadería Pérez, S.C.)
D. Jesús M.ª Pena Becerra
(Repr. Mónica Landeira Noya y otro, S.C.)
D. José Cambón Fernández
(Repr. traballadores)

COMITÉ DE RECURSOS
D. Mariano Pazos Currais
D. Amador Viqueira Noya
D. Manuel García Moar

DIRECTOR DE EDICIÓN
D. José S. Montes Pérez

IMPRESIÓN E MAQUETACIÓN
euroGráficas s.l.
Santa Comba

TIRAXE
3.800 exemplares
Dep. Legal: C –370 –1994

http://www.feiraco.es
email: cooperativa@feiraco.es

Nº 102
febreiro 2013

PUBLICACIÓN INTERNA DE DIVULGACIÓN COOPERATIVISTA
Revista bimestral

3 **PRESIDENCIA**
3 Unha morea de boas novas

5 **TRIBUNA PÚBLICA**
5 Un socio sorrinte dentro da crise

9 **FORMACIÓN**
9 I Xornada Técnico Económica

11 **ASESORÍA**
11 Novo suposto de investimento do suxeito pasivo no IVE

12 **CADRO DE PERSOAL**
12 Feiraco rende homenaxe aos seus traballadores
12 Exemplo de solidariedade

13 **LÁCTEOS**
13 "O entroido sabe a Feiraco"

15 **SEGUROS**
15 Primeiros pasos da correduría de seguros UCOGA

18 **NOTICIAS**
18 José Luis Antuña, relator de honra no premio Aresa de desenvolvemento rural
19 A Fundación Feiraco crea o centro de desenvolvemento cooperativo
20 Feiraco e Clesa, primeiras empresas galegas en sumarse ao convenio "lácteos sustentables" promovido polo Ministerio de Agricultura
21 Cooperativas agroalimentarias promove unha nova OPL
23 CAIXÓN DE XASTRE

UNHA MOREA de BOAS NOVAS

José S. Montes Pérez. Presidente

Hai épocas en que se xeran tantas noticias que un case non dá feito, aínda que algunhas veces desconcertan. Tamén os hai incrédulos que non cren mentres non vexan. Pero para quen o necesita moito ou leva moito tempo loitando por un cambio, créase un certa expectativa esperanzadora. Feiraco leva máis de 44 anos nese intento, cuns momentos mellores que outros, pero loitando sempre por mellorar a situación dos socios. Quero pensar en que este sexa un dos mellores porque as cousas se están facendo ben dentro da propia Cooperativa, respondendo aos compromisos do Plan de Viabilidade onde nos xogamos o ser ou non ser, porque os socios están moi solidarizados e porque se avanza na liña de integración cooperativa buscando camiños novos para un sector máis unido.

Pois ben, hoxe imos pensar niso, no positivo, pero sen levantar os pés da terra, conscientes de que o cambio é un proceso lento que supón moito compromiso a todos.

Hai razóns e propostas que confluén positivamente, por tanto parece que se pode soñar.

Na revista anterior diciamos que as Organizacións de Produtores Lácteos eran unha boa oportunidade. Pois hoxe podemos dicir que esa oportunidade xa está en marcha. O día 11 de febreiro asinouse a constitución, ante notario, de APROLACT, unha cooperativa de segundo grao destinada a recoñecerse como a OP das cooperativas baixo a fórmula máis integradora posible, polo que o primeiro paso está dado, acadando, en conxunto, un volume aproximado de 350.000 Tm de leite de vaca.

Alcaldes, representantes dos concellos que forman o padroado da Fundación Feiraco e representantes dos traballadores, no acto de entrega de alimentos para familias necesitadas "para que puidesen celebrar dignamente as Festas de Nadal".

Inicialmente parte con 1.600 gandeiros e un volume de leite de 350.000 toneladas aínda que nos vindeiros meses agárdase a incorporación de sete cooperativas máis que xa amosaron o seu interese na iniciativa pero están pendentes da decisión das correspondentes asembleas de socios.

Nos últimos meses, AGACA, actuou de catalizadora recollendo a iniciativa dos promotores e veu desenvolvendo unha serie de labores de coordinación e promoción que finalmente derivaron en **Aprolact S. Coop.** e, aínda que, a día de hoxe, son seis as cooperativas asinantes, en datas próximas, o número verase incrementado, superando facilmente as 400.000 toneladas de leite, xa que, como sinalabamos, outras cooperativas amosaron a súa vontade de integrarse en canto consigan adaptar os seus estatutos.

O obxectivo final de **Aprolact S. Coop.** é o reforzo da actividade económica dos seus integrantes mediante a concentración da oferta. Non comercializará conxuntamente o leite aínda que negociará os prezos e condicións dos contratos coas industrias.

FEIRACO sempre estivo, cóbado a cóbado con AGACA defendendo a creación de OPs profesionais. A creación destas organizacións, cunha dimensión relevante, tanto en volume como en número de produtores asociados, facilitará o equilibrio da posición dos produtores na cadea alimentaria e a eficiencia no proceso produtivo, transformador e comercializador.

O Consello Reitor propuxo a José Manuel Fernández Villar de SAT Busto-Corzón e membro do Consello de Lácteos como representante da Cooperativa.

Ademais, nesta mesma liña, o día 14 de febreiro a **Confederación**

de Cooperativas Agro-alimentarias de España, da que Feiraco tamén forma parte a través de AGACA, neste momento con responsabilidades importantes a nivel nacional –presidencia do Consello Sectorial de Leite e Produtos Lácteos (polo mesmo tamén preside INLAC) e vicepresidencia do Consello Sectorial de Vacún de Carne– impulsou a creación dunha Asociación de Organizacións de Produtores de Leite de ámbito estatal. Deste acontecemento damos conta nesta mesma revista na páxina 22.

Consideramos que este é un paso máis moi importante de integración cooperativa a nivel nacional que reforza notablemente a posición do noso sector lácteo.

Tamén o pasado 12, como damos conta na páxina 20, se asinou no Ministerio de Agricultura en Madrid un convenio, promovido polo propio Ministerio, sobre "Lácteos Sustentables" do que Feiraco xunto con Clesa tamén formaron parte. Asinaron 14 industrias lácteas e 9 empresas da Distribución ou Asociacións que as representaban en presenza do Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.

A primeira cláusula deste convenio histórico, que recollía "Obxecto e ámbito" dicía: As partes firmantes obríganse a cooperar e colaborar a favor do sector lácteo español para lograr un funcionamento eficiente e sustentable das cadeas de valor do leite e os produtos lácteos, co obxectivo de mellorar a percepción do consumidor dos produtos lácteos como produtos de alto valor nutritivo e calidade, mediante os instrumentos promocionais adecuados, e garantir a sustentabilidade a longo prazo do sector. As actuacións que as partes leven a cabo, para o logro do anterior obxectivo, realizaranse prestando especial atención ao rigoroso cumprimento da normativa sobre competencia en todo o territorio nacional, ámbito de aplicación do presente Convenio.

Moito nos agradan as novas que estes días con máis reiteración nos chegan do Ministro de Agricultura ou da nosa Conselleira de Medio Rural que están loitando e traballando na procura de solucións definitivas á crise do sector lácteo en Galicia, sendo nestes momentos prioritaria "a inclusión da nosa petición de recoñecer os custos de produción como un elemneto fundamental de construción de prezos no proxecto de lei de Mellora do funcionamento da Cadea Alimentaria.

A declaración de "boas intencións" que mostraron en días pasados as industrias, a distribución e as cooperativas, viñéronse abaixo nuns días, por iso é de agradecer que Medio Rural reforce as medidas de control para detectar prácticas como a venda a perda nos súper tal como denunciamos as cooperativas e as propias organizacións sindicais dos gandeiros.

Congratulámonos moito pola chegada á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, Patricia Ulloa, á que lle desexamos moito éxito e coa que nos comprometemos a traballar cóbado a cóbado o sector gandeiro, como o fixemos co anterior, Pepe Robledo. Merece especial mención o feito de que chegue anunciando axudas dirixidas a atender os puntos máis críticos que afectan

á mellora do sector, como poden ser os 12 milóns de euros para mellorar a eficiencia enerxética das explotacións no rural, así como mellorar a competitividade das explotacións ampliando a súa base territorial coa Lei de Mobilidade de Terras, a de Montes e próximamente a Lei de mellora da Estrutura Territorial Agraria. Se é certo, como parece, que hai máis de medio millón de hectáreas en Galicia a monte baixo produtivo e rendible, é necesario recupealo con urxencia sobre todo pensando na desaparición de cotas e obrigaos polo aumento tan notable do custo dos cereais sobre os que se sustenta a produción láctea.

Tamén é moi impotante a axuda de 250.000 mil euros que anunciou a nova Directora Xeral para inxectar liquidez ás granxas lácteas paa mellora de explotacións e a incorporación de mozos. Estas medidas, indubidablemente, han influír na xeración e estabilización do emprego no rural co cal tamén se contribúe a solucionar o problema máis grave que estamos a sufrir neste momento.

Tamén vemos con bos ollos a intención da Xunta de integrar e cooperar para conseguir un sector máis forte, en Feiraco parécenos que ese é o camiño e as cooperativas, en xeral, están pola labor e dispostas a colaborar, como o veñen demostrando.

Feiraco congratúlase e felicita a dona Patricia Ulloa Alonso polo seu nomeamento como Directora Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural e Mar. Así mesmo se ofrece a colaborar na consecución dos grandes retos que temos sobre a mesa para mellorar o noso sector.

UN SOCIO SORRINTE DENTRO da CRISE

Javier Valledor Puente, Veterinario

Diría Xosé Mouriño: Por que? Por que? Por que? Pois tentando responder a Mouriño quixemos facerlle unha entrevista ao gandeiro ao fin de determinar cales son os seus segredos ou a súa maneira de traballar para conseguir tal milagre.

A identidade do gandeiro ireina revelando ao longo da entrevista para facerlle a foto final, ao remate da mesma, co fin de manternos máis concentrados e non deixarnos levar pola personalidade do mesmo.

"S.A.T EFICIENCIA"

Entrevistador: É verdade que vostede non perdeu cartos a pesar do descontento xeral?

GANDEIRO: Home, pódese dicir que non perdemos cartos, pero tampouco fixemos o que deberiamos facer en condicións normais. Os prezos tan altos dos pensos e o resto das materias primas e o baixo prezo do leite fixeron que a marxe de ganancias sexa moi pequena.

Para vostede, onde se atopa o principal segredo dos seus resultados?

Penso que temos una boa produción de leite con 35 l. diarios/vaca en muxidura e 31 l./vaca presente cun 3'70 MG e 3'20 de proteína, e 210 000 células somáticas. Ademais, **os gastos veterinarios** e as patoloxías son moi baixas.

Cantas vacas muxides e cantos socios sodes?

Muximos aproximadamente 180 vacas diarias e somos tres socios cun empregado e a axuda circunstancial dalgún familiar en momentos puntuais.

Como organizades o traballo?

Todos temos asignada unha tarefa e nos responsabilizamos integramente dela.

Así é que un socio encárgase da alimentación e preocúpase da:

- Análise dos silos.
- Poñerse de acordo co nutrólogo para a elaboración das racións e avaliar as calidades do leite.
- Cubicaxe dos silos para saber se cómpre mercar comida de fóra e cando é o mellor momento para mercala.
- A selección de variedades a sementar e momento de corte para a elaboración dos silos.
- Maquinaria: uso e mantemento.

As vacas de alta produción deben ter sempre comida a libre disposición.

Outro socio encárgase de:

- O mantenemento das camas, limpeza e compra de material de recheo.
- Limpeza dos bebedeiros.
- Limpeza de corredores e paso das arrobadeiras.
- Inseminación e celos.
- Control de patoloxías e protocolos de posparto.

O terceiro dos socios axuda na muxidura e encárgase da:

- Calidade hixiénica do leite.
- Compra de materiais, produtos de limpeza e mantenemento da sala de muxidura.
- Arranxo de papeis, subvencións e resto de traballos de oficina.

Vexo que tendes todo moi organizado.

É moi importante que sexa así pois deste xeito cada un ten una tarefa de que ocuparse e da que se sente responsable ou orgulloso se é que funciona ben.

E as fins de semana?

Todos sabemos facer o traballo de todos e libramos un fin de semana ao mes desde o sábado pola mañá. En tempos de máis traballo como nos silos, modificámolo de mutuo acordo. A semana empezámola con moita ilusión e iso, penso eu, tamén axuda a facer mellor o traballo.

Tamén aforraredes algo ao ser varios socios, non?

Home, xa se sabe, coa mesma sala muximos as vacas dos tres, se estivésemos separados farían falla outras dúas salas. Temos dous tractores e unha cuba grande para o xurro, se estivésemos separados, teriamos que ter dous **tractores** cada un

A calidade das forraxes e o seu manexo repercute na saúde e na produción.

Mentras están deitadas están producindo e descansando os pés, logo canto mellores sexan as camas…

e unha **cuba**… Polo que se empezamos a sumar: dúas **salas de muxidura**, catro tractores, dúas cubas para xurro… Os gastos dispararíanse e haberíallo que repercutir no litro de leite.

Falabas antes de que tiñades poucas patoloxías, explícame un pouco iso.

Imos ver, cando falamos de patoloxías ou enfermidades hai que asociar cada unha á súa causa principal que é a que nós lle dámos importancia para previla.

Moi ben, entón dime, imos ir por partes, tendes moitas coxeiras?

Pois non, o único que facemos son recortes funcionais, pero as vacas coxas son excepcionais.

Cal é o segredo para ti, pois moitos gandeiros quéixanse precisamente diso.

Preocupámonos moito de ter as camas de area sempre ben coidadas e limpas, os cubículos foron deseñados polo veterinario, os corredores son amplos para que as vacas poidan acceder facilmente ás camas, o número de camas e de cornadizas supera ao número de vacas para que estean o mínimo tempo de pé sobre o cemento e a ración está ben compensada en nutrientes, sen aforrar en nada do que lles faga falla. As arrobadeiras pasámolas sete ou oito veces ao día, para que os corredores estean o máis secos posible ao fin de evitar contaxios e manter as dermatites á raia.

E de calleiros como andades?

Pois mira, o ano pasado operamos tres vacas e, para iso, unha deu xemelgos e non librou.

Sería cousa da sorte…

Podería ser, pero por se acaso facemos caso dos técnicos e aí si que non arriscamos nada e é onde máis coidamos a cuadra: nas vacas secas.

Pero se sempre se dicía que o refugallo era para as becerras e as vacas secas…

Pois destes pós veñen eses lodos. Eu xa me cansei de operar vacas con calleiros e acetona. As nosas vacas secas comen sete quilos de millo, cinco quilos de palla e tres quilos e medio de penso.

É o mesmo penso das de leite ou é distinto?

Ten que ser un penso específico para as vacas secas pois temos que controlar con el:

- Os niveis de calcio para cando a vaca para e non caia.
- O sal para que non faga moita palmoeira ou edema no ubre e logo se lle deforme.
- O nivel de palatabilidade e a capacidade de inxestión para que arranque ben a comer tralo parto.
- Incorporarlle algún protector hepático e controlar a condición corporal para que non engorde demasiado e logo colla acetona ou se lle engrase o fígado, así o problema aínda sería peor.
- No prezo do penso das secas nunca me deixo engañar pois as vitaminas e os minerais máis necesarios son os máis caros. Por iso as ofertas son moi esaxeradas (ata 0´06 céntimos), falan de que se poden abaratar pero á conta de quitarlles calidade. Agora sempre miro a letra pequeña; cando dubido, consulto co nutrólogo.
- Comprobamos que a palla sexa de moi boa calidade e ben picada.

Déixasme de pedra, sempre pensei que as vacas secas poñíanse a un lado e non se miraba para elas. Non me digas que aínda lles dades máis coidados.

Pois si, xa che dixen que, para nós, o talón de Aquiles da cuadra,e o veterinario non facía máis que repetírnolo, agora xa calou. Xa o sabemos.

Pois conta, conta que máis facedes?

Elas non teñen cubículos, están en cama quente de palla que repoñemos tódolos días e cambiámola totalmente una vez á semana. Agora mesmo teñen en torno a catro m^2 de cama por vaca, tamén teñen unha porta pola que poden saír á leira cando queiran. Así pódelles dar o aire, recibir as vitaminas do sol, mover as patas e estar fortes para o

parto. No inverno, cando chega a noite, recollémolas.

E cando as cambiades de lote?

O mesmo día do parto ou, se paren de noite, ao día seguinte. É moi importante non cambialas nin movelas do sitio ata o día do parto coa fin de non estresalas pois, do contrario, poderían aparecer retencións, metrites…

Outra das cousas que teñen máis importancia nas granxas é a fertilidade, a vós empréñanvos ben?

Sempre se pode mellorar, pero mantemos ao longo do ano un 45-50% dos animais preñados e una media do 170–180 DE. Intentamos preñar mes a mes en torno a doce ou quince vacas.

E todo iso como o facedes?

O piar básico penso que é a detección de celos, a iso dámoslle unha importancia moi alta. Sempre hai unha persoa na cuadra que apunta tódolos celos que ve, ademais axudámonos dos podómetros.

As vacas que non saen en celo aos corenta días poñémolas en protocolo de sincronización con hormonas a fin de que poidamos ter en torno ao 90% das vacas inseminadas antes dos sesenta días.

Para acadar estes resultados é fundamental apoiarse nun bo raiado dos corredores para observar ben os celos pois se esvarasen serían máis difíciles de ver. Ademais coidamos de que a alimentación sexa axeitada, pois cando non está equilibrada notamos, ou que non manifestan ben os celos ou que non desenvolven ben os ovarios.

Dádeslle moita importancia á alimentación. Cal é a ración das vacas de leite?

Agora mesmo están a comer:

- 27 Kg silo de millo (33% MS e 32% de almidón)
- 10 Kg de silo de herba (37% MS e 13´2 PB)

O espazo ao aire libre axuda a criar becerras máis saúdables.

- 1/2 Kg de palla picada (50% de trigo e 50% de cebada)
- 11 Kg de mestura

Están a comer máis ou menos uns 24 Kg/Ms por vaca e día. Para nós, a calidade das forraxes é fundamental. Coidamos moito a calidade pois en parte a saúde das vacas vai depender en gran parte diso. Sabemos por experiencia que os… con mala forraxe nin funciona a reprodución e, por suposto, as vacas non producen igual. Hai máis indixestións, aumentan as reabsorcións embrionarias…

Empregamos conservantes para para manter os silos en bo estado e non descoidamos nin o pisado nin o tapado dos mesmos. Custa moito traballo e cartos producilos e hai que tentar minimizar ao máximo as mermas e perdas polo manexo. O tempo non o podemos cambiar pero si que podemos intervir.

Tódolos anos vos chega a comida?

Este ano imos a estar un pouco xustos e, por iso, incorporamos un pouco de palla. Temos sesenta hectáreas de terreo e vinte e dúas máis en arrendo. Dámoslle moita prioridade ao millo. Procuramos seleccionar moi ben as variedades, sementar ciclos un pouco máis longos e sementar cedo. Pensamos que é a mellor maneira de sacarlle rendemento á terra. Asesorámonos moi ben cos técnicos de Feiraco e pódoche dicir que mesmo algunhas leiras que tiñamos moi ben enxurradas nin sequera lles botamos unha pinga de fertilizante e iso tamén, nestes tempos, agradécese. O prezo do fertilizante leva lume.

Na herba sementamos Raygrass inglés que aínda que produza un pouco menos, temos mellores segundas cortas e a herba non se pasa, polo que sempre collemos boa calidade. Que, como dicía antes, para nós é fundamental.

Dicías que lles dades 11 Kg de penso a cada vaca, iso no é moito?

Dámoslle xusto o que a vaca lle cómpre e, se te fixas, dividindo os 35 l polos 11Kg de penso, sáenos unha relación ou ratio (como lle chaman algúns) de 1: 3´18; é dicir 1 Kg de penso terma de 3´18 Kg, por simplifícalo dalgún xeito. Hai racións con pensos moi cativos cunha relación 1: 2´5 ou menos, polo que nos parece que así estamos bastante ben. Gastar máis Kg para producir o mesmo leite, aínda que o Kg saia máis barato, sería moi engañoso.

Fálase moito da xenética, vós como estades nisto?

Tentamos acoplar todas as vacas con touros segundo os de-

As vacas secas en cama quente, limpa, con espazo suficiente, boa comida e con saída ao exterior...: unha garantía de éxito.

fectos que lle queiramos corrixir ás vacas. Agora estamos comezando a poñer embrións comprados nas novillas. A xenética é moi importante, non cabe duda de que producir o mesmo leite con menor número de vacas é máis rentable, dá menos traballo e optimiza máis as instalacións. No caso de Galicia, isto supón un gasto importante. Neste punto, tampouco queremos tolear, como xa che dixen, parécenos máis importante o manexo e a alimentación da **recría**, ao cal lle demos un xiro moi importante recentemente.

A que xiro te refires?

Pois que, desde as últimas charlas de recría que se fixeron en Feiraco, melloramos en varias cousas e volvemos a darlle importancia a outras que tiñamos un pouco esquecidas como é o caso dos costros de primeira muxidura e de vacas parideiras.

Tamén cambiamos a un leite de mellor calidade e aplicamos o do "crecemento acelerado"; aumentando un pouco a cantidade de leite que lle dámos a cada becerra. Tamén notamos melloría co uso do R-100 e o manexo do destete.

Todo o intentamos facer o mellor posible e, a proba de que imos por bo camiño, é que estamos a inseminar as becerras con once meses e con 1´30 m de altura á cruz. Así, adiantamos tres meses a inseminación, isto supón **un aforro moi grande** porque, ademais de aforrar a comida deses tres meses, as vacas comezan a producir tres meses antes. Isto, nos axuda a ir desfacéndonos de vacas menos produtivas porque dispomos antes de novillas de reposición.

Logo, botades moitas vacas, cal é a vosa taxa de eliminación?

Eliminamos cada ano en torno a un 30% dos animais adultos (60-70), a una media duns 900 € este ano, para nós supón un **ingreso moi importante**, polo menos neste momento no que aínda as están a pagar ben. A nosa norma é que cando a vaca baixa o 10% da media de leite que temos, salvo que sexa un caso especial, vendémola. Pois, ou non preña, ou ten outros problemas, ou non ten xenética para producir. Ao eliminala, aparte de que deixa de molestar (soen estar gordas e molestan ás outras), evitamos un problema que soe dar traballo e, se non é de boa raza, imos evitar ter fillas dela, co cal melloramos en calidade.

En todas as respostas falas de aforro, ou en termos económicos, e doume conta de que aínda non mencionaches o prezo do leite que parecería ser o máis importante.

Mira, hai dúas cousas que os gandeiros non podemos controlar: os prezos do penso e o do leite. Polo que a nosa intervención orientarase a ser máis eficientes no que podemos controlar:

– Produción e calidade das forraxes.
– Manexo e benestar dos animais.

E neses dous piares penso que se debe sustentar a gandería. No mes de novembro o leite cobrámolo a 31,59 euros máis o IVE. Pero o do mes de xaneiro calculo que nos sairá a cobrar a 34,60 máis o IVE. A verdade é que facía falla esta suba e, aínda que subira un pouco máis, non estaría fóra de punta para o que custa producilo.

Moitas grazas.

Como todos vós vos decatástedes, a entrevista non é verdadeira. Simulei as respostas e eu mesmo preguntaba e respondía. Quixen facela desta maneira para variar a forma habitual dos artigos e facelo un pouco máis dinámico e doado de ler, tocando máis ou menos os temas dos que todos os días estamos a falar.

O modelo de explotación de 180 vacas en muxidura e 3 socios (60 vacas/traballador, cando menos, recomendable) escollino precisamente por ser una situación que se está a dar e probablemente se teña que producir en gran medida cara aos tempos que veñen, por rentabilizar maquinaria, optimizar traballo, facilitar descansos e sermos, en resumidas contas, máis competitivos. Poderiamos simular outras situacións e canto maior fose na proporción de vacas/traballador máis se repartirían os custos e os traballos. A medida que o número de animáis por traballador diminúe a rendibilidade tamén se vería resentida.

A entrevista é simulada, pero todos os datos e situacións son reais e pertencen a algún gandeiro.

O ideal sería que todos os gandeiros tentaran ser o máis eficientes posible, cada un desde a súa realidade. O máis importante non é o que facemos en cada momento –as circunstancias ás veces, obrigan– senón decatarnos do que estamos a facer mal pero, sobre todo, o que debemos facer e cara a onde debemos avanzar. Aí é onde os técnicos de Feiraco vos poderemos axudar.

I XORNADA TÉCNICO ECONÓMICA

O próximo 22 de marzo de 2013 FEIRACO celebrará a I XORNADA TÉCNICO ECONÓMICA, que terá lugar en Santiago de Compostela, e que se encadra dentro do Programa de Formación para Socios posto en marcha pola Cooperativa no ano 2008.

Esta Xornada pretende reunir a máis de 300 gandeiros e profesionais relacionados co Sector Agroganadero, interesados en coñecer os distintos sistemas de produción sustentables desde o punto de vista económico financeiro, así como a perspectiva do sector lácteo en Galicia, Cornisa Cantábrica, Europa, etc., en definitiva, a todos aqueles interesados en coñecer o futuro do sector lácteo.

Para iso contaremos cos mellores profesionais do Sector, que se encargarán de divulgar os coñecementos de máis actualidade e interese para todos os asistentes, contando co apoio da Administración e dos medios de comunicación (prensa local e rexional, radio e televisión, revistas especializadas no sector).

E, por suposto, citar que para a súa organización contamos coa colaboración de importantes entidades como o Grupo Nogar, Bunge Ibérica, Zoetis (antiga Pfizer), Ceva, Soaga, Galical, Syngenta e Limagrain.

Pretendemos que esta primeira Xornada se converta nun encontro monográfico de referencia no sector agroganadero, con periodicidad bianual.

PROGRAMA

10:30h- Recepción de asistentes. Entrega de documentación.

11:00h- Inauguración da Xornada pola Conselleira de Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

11:15h- "O factor terra como condicionante da viabilidade das explotacións lácteas galegas nun horizonte sen cotas".
Relator: Edelmiro López Iglesias. Profesor do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

11:50h- "Control de custos de alimentación: cando a redución do concentrado é unha alternativa".
Relator: Sergio Calsamiglia Blancafort. Catedrático da Universidade Autónoma de Barcelona. Departamento de Ciencia Animal e dos Alimentos da Facultade de Veterinaria da UAB.

12:25h- Pausa - Café.

12:45h- RELATORIO: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

13:20h- "Perspectivas do sector lácteo en Galicia e en España".
Relator: Francisco Sineiro García. Profesor da Universidade de Santiago de Compostela na área de Economía, Socioloxía e Política Agraria.

13:55h- "COMPETITIVIDADE: A clave para a supervivencia na produción leiteira do futuro".
Relator: Joaquim Baucells Ribas. Director de Centre Veterinari Tona, S.L., especialistas en Asesoramiento técnico-económico de explotacións leiteiras.

14:30h- Xantar de traballo.

16:00h- MESA REDONDA: Reflexións sobre a produción leiteira española en clave económica no contexto dun mercado global sen cotas.
Participan: Consellería do Medio Rural e do Mar (Pendente confirmar); Edelmiro López Iglesias, Profesor da USC na área de Economía Aplicada; Francisco Sineiro García, Profesor da USC na área de Economía, Socioloxía e Política Agraria; Joaquim Baucells Rivas, Profesor da Universidade Autónoma de Barcelona na área de Patoloxía Médica; Sergio Calsamiglia Blancafort, Catedrático da Universidade Autónoma de Barcelona. Departamento de Ciencia Animal e dos Alimentos da Facultade de Veterinaria.

18:00h- Clausura: José Luís Antuña Álvarez, Director Xeral de Feiraco, S.C.G.

A asistencia á xornada será gratuíta, sendo absolutamente IMPRESCINDIBLE inscribirse previamente.

Animamos a todos os socios da Cooperativa a participar na xornada xa que eles os os destinatarios preferentes desta xornada.

As inscricións serán realizadas a través do correo electrónico: relacionespublicas@feiraco.es ou chamando ao nº de teléfono 981 818 343.

Para calquera aclaración que consideren necesaria non dubiden en contactar co Comité Organizador:

Mª José Picallo Blanco
659 830 597 (mjpicallo@feiraco.es)

Alfonso Goris Pereiras
609 873 992 (agoris@feiraco.es)

Rafael Garcia Gabeiras
647 355 289 (rgarcia@feiraco.es)

Antonio López Santamariña
679 402 204 (alopez@feiraco.es

Qué valores aporta ao ganadero a acreditación LG Animal Nutrition

– A garantía do líder da nutrición animal de que é unha variedade especialmente creada para o gandeiro e a alimentación do seu gando.

– Un xeito sinxelo de identificar as mellores variedades para a alimentación do gando, sen ter que analizar un gran número de parámetros técnicos de difícil interpretación.

– A garantía de utilizar variedades cun alto valor agronómico para a súa explotación agrícola, e nutritivo para a súa gandería.

– A tranquilidade de saber que ao mesmo tempo está coidando a saúde da seu rabaño ao garantir o correcto funcionamento do seu aparello dixestivo.

– A posibilidade de aumentar o seu rendemento lácteo entre 1 e 2 litros por vaca e día, ou o que é o mesmo, aumentar o rendemento da súa produción de millo entre 500 e 750 euros/Ha.

Logo de máis de dúas décadas dedicadas a HDi hybrids

Ademais do selo LG Nutrición Animal®, LG presenta unha verdadeira innovación xenética: millo HDi®, altamente dixestible.

A marca, nº 1 no mercado europeo do millo ensilado, creou novos híbridos, con diferentes precocidades, que permiten un mellor aproveitamento do talo e follas por parte do animal, grazas a unha excelente dixestibilidade das fibras.

Os resultados obtidos por LG logo de varias campañas con estes híbridos HDi® son extraordinarios:

– Excelente potencial agronómico e nutritivo.

– Mellor aproveitamento da planta por parte do animal.

– Maior rendibilidade económica do leite e a carne.

Os agricultores elixen híbridos coa acreditación HDi® porque garanten un maior rendemento e produción de enerxía debido a unha dixestibilidade inigualable das fibras. As vacas realizan un mellor aproveitamento do millo HDi®, aumentando así a súa produción leiteira en 0,5 l por vaca e día.

NOVO SUPOSTO de INVESTIMENTO do SUXEITO PASIVO no IVE

María del Carmen Turnes Rey

Como norma xeral, nas entregas de bens e prestación de servizos, **o suxeito pasivo no imposto** sobre o valor engadido (IVE) é a persoa física ou xurídica en condición de empresario e no desenvolvemento da súa actividade que realiza a entrega do ben ou presta o servizo suxeito ao imposto e que por iso está obrigado a repercutir o IVE.

Exemplo: Unha cooperativa vende a un dos seus socios penso por 1.000,00 euros.

O suxeito pasivo do imposto é a cooperativa ao ser esta a que entrega o ben (penso) e está obrigada a repercutir o IVE documentándoo nunha factura e ingresando o devandito importe a Facenda.

Base imponible: 1.000,00
IVE (10%): 100,00
Total a cobrar: 1.100,00
Deses 1.100,00 euros, o importe do IVE (100,00) ingresaraos a cooperativa en Facenda.

A Lei de IVE, nalgúns casos, modifica esta norma xeral, e establece que o suxeito pasivo da operación non sexa o empresario que entrega o ben ou presta o servizo senón aquel para quen se realicen as operacións. Dise que estamos ante un caso de INVESTIMENTO DO SUXEITO PASIVO.

A Lei 7/2012 introduciu unha novidade importante, ao establecer un novo suposto de investimento do suxeito pasivo do IVE.

"Cando se trate de execucións de obra, con ou sen achega de materiais, así como as cesións de persoal para a súa realización, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a urbanización de terreos ou a construción ou rehabilitación de edificacións.

O establecido no parágrafo anterior será tamén de aplicación cando os destinatarios das operacións sexan, á súa vez o contratista principal ou outros subcontratistas nas condicións sinaladas".

O río Tambre un día de enchenta en Ponte Maceira.

Isto significa que quen realiza estas obras, deberá emitir unha factura sen repercutir o IVE, (debe aparecer a mención "investimento do suxeito pasivo") e o empresario ou profesional que a recepciona deberá, na súa condición de suxeito pasivo, ingresar a cota correspondente, facéndoa figurar na súa declaración como cota devengada, tendo de igual modo dereito a practicar a súa dedución de acordo ás normas xerais.

Suxeitos afectados pola regra de investimento:

- Empresas, empresarios ou profesionais que auto promovan as súas edificacións (naves, establos, galpóns…).
- Promotores.
- Construtores.
- Carpinteros, albaneles, fontaneiros, electricistas… que efectúen execucións de obra con ou sen achegas de materiais, para os promotores de edificacións (vivendas, locais, naves?).
- O destinatario da operación debe ser unha empresa, empresario ou profesional cuxos bens ou servizos que adquira se utilicen para o exercicio da súa actividade. É dicir, o destinatario das operacións suxeitas ao imposto debe actuar coa condición de empresario ou profesional. Por iso, o destinatario deberá comunicar expresa e fidedignamente ao contratista principal que está adquirindo o ben ou servizo na súa calidade de empresario ou profesional.

Tipo de operacións aos que afecta este novo suposto:

- Deben ser execucións de obra con ou sen achegas de materiais, realizadas entre promotor ou contratista ou entre contratista principal e outros subcontratistas.

Non afecta logo a provedores que non realicen execución de obras, por exemplo, non afecta ás empresas subministradoras de material de construción, material eléctrico, aluguer de maquinaria…

- Deben ter por obxecto a urbanización de terreos ou a construción ou rehabilitación de edificacións.

FEIRACO RENDE HOMENAXE aos seus TRABALLADORES

O sábado 15 de decembro de 2012 a Cooperativa quixo amosar a once dos seus traballadores con máis de trinta e cinco anos de antigüidade a súa gratitude, cunha homenaxe que tivo lugar na sede de Feiraco en Ponte Maceira, Ames. O concorrido acto, que recoñeceu o labor e dedicación dos seus empregados, serviu ademais como conmemoración do Nadal.

Os homenaxeados foron: D. Francisco Pedrares Neo; D. Francisco Pérez Muiño; D. Jesús Lueiro Pensado; D. Jesús Pereiro Romero; D. José A. García Rodríguez; D. Juan José Túñez López; D. Manuel Cajuso Barbazán; D. Manuel Leis Danza; D. Manuel Lueiro Oreiro; D. Manuel Rendo Soutullo; D. Victorino Mesías Pardo.

EXEMPLO de SOLIDARIEDADE

Feiraco e os seus traballadores celebraron o Nadal dunha forma especial, cos veciños e amigos que están atravesando un momento complicado pola grave crise económica. O 21 de decembro entregaron a súa doazón a familias da comarca que están pasando por unha difícil situación cun surtido de alimentos.

A iniciativa naceu no seo do Comité de Empresa de Feiraco, que quixo levar a cabo unha acción social para que as persoas da súa contorna puidesen celebrar dignamente as festas de Nadal. Con esa finalidade pedíuselle aos compañeiros "un pequeno esforzo" para que colaborasen aportando 10 euros cada un. A Cooperativa pola súa banda comprometeuse a igualar a cantidade recadada entre todos os traballadores da empresa.

Esta actividade solidaria pon de manifesto o compromiso do persoal de Feriaco e da empresa cos máis desfavorecidos e pretende marcar unha nova liña de axuda social que se repetirá noutras ocasións.

A acción voluntaria simboliza a adhesión de todos os traballadores da Cooperativa aos valores que desde sempre promoveu Feiraco, como o fomento da solidariedade en e desde a empresa e cara á sociedade en xeral, e supón o mellor recoñecemento ás súas políticas de Responsabilidade Social.

Estandarte da economía socialmente responsable

A estratexia de Feiraco aséntase en tres alicerces fundamentais: a Calidade, a Innovación e a Responsabilidade Social Corporativa, como garantes fundamentais da Sostibilidade.

Feiraco é unha cooperativa socialmente responsable, comprometida cos seus traballadores, cos seus socios, con Galicia e coa súa contorna en todos os sentidos e cos colectivos máis desfavorecidos.

Mostra deste compromiso é a recente solicitude da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para que Feiraco se incorporase ao "Grupo de Representación Empresarial Galego", para o desenvolvemento de Responsabilidade Social Empresarial (RSE), constituído para impulsar un novo modelo de negocio máis ético, transparente e sensibilizado coa contorna. Feiraco contribúe a este cometido xunto a outras 12 grandes empresas autonómicas, encargándose todas elas de tutelar ás PYMES galegas para axudalas a avanzar neste campo.



"O ENTROIDO SABE A FEIRACO"

Foi o lema escollido pola Cooperativa galega para celebrar con todos os galegos esta tradicional festa, na que os cartóns de leite Feiraco vestíronse de "cigarróns", "peliqueiros" e pantallas para a ocasión.

Estes peculiares choqueiros, que estiveron dispoñibles en todos os supermercados de Galicia, regalaron máscaras a escoller entre seis modelos distintos a todos aqueles que foron mercalos e decoraron as principais rúas das cidades galegas cos mupys e valos da promoción.

A campaña do Entroido, cara unha nova tradición

Un ano máis, con motivo da celebración dunha das festas máis importantes e conmemoradas de Galicia, o Carnaval, a cooperativa Feiraco levou a cabo unha campaña especial que consistiu en diversas accións encamiñadas a animar durante estas datas a todos os galegos.

Tras o éxito de acollida da campaña anterior, na que "todas as vacas quixeron ser Feiraco", a Cooperativa decidiu converter esta acción nunha tradición, e os envases de leite Feiraco –enteira, semidesnatada e desnatada– volvéronse vestir de Carnaval, cada un coa súa característica cor, nunha edición deseñada especialmente polo Rei Zentolo.

E que hai máis tradicional que o Entroido ourensán?

Se hai un Carnaval con historia ese é o do corazón da provincia de Ourense, no que no triángulo formado por os "cigarróns", "peliqueiros" e "pantallas" de Verín, Laza e Xinzo respectivamente, se abren o paso entre os visitantes castigando a aqueles que non van disfrazados. A Cooperativa quixo render homenaxe a esta ancestral tradición galega que se remonta ao século XV, e por iso, este ano,

esa foi a tarefa dos cartóns de Feiraco, que caracterizados como tales, repartiron máscaras dende os lineais que estiveron dispoñibles en seis orixinais modelos, a xogo cos stoppers e cubrepalés, que marcaron o seu territorio.

Os reis do Entroido... e das redes sociais

A campaña tivo moi boa acollida nas redes sociais segundo Galicia Confidencial –o terceiro medio con máis seguidores na nosa Comunidade–, e púidose seguir integramente online na páxina www.feiraco.es, nas redes sociais como Facebook, na que Feiraco celebrou un concurso de disfraces dentro do perfil da Cooperativa e, noutras canles electrónicas nas que Feiraco tiña preparadas varias sorpresas.

A acción complementouse coa emisión de cuñas promocionais co lema nas emisoras de máxima audiencia de Galicia, que acompañaron a todos os galegos na casa, no coche ou onde queira que lles collese a festa...

PARA SUSCRIBIR SU SEGURO DIRÍJASE A: MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS • SEGUROS GENERALES RURAL • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • AGROMUTUA-MAVDA, SDAD. MUTUA DE SEG. • MUTRAL, MUTUA RURAL DE SEGUROS • PLUS ULTRA SEGUROS • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • UNIÓN DEL DUERO, CÍA. DE SEGUROS • MUTUALIDAD ARROCERA DE SEGUROS • CAIXA PENEDÈS ASSEGURANCES GENERALS • HELVETIA CÍA. SUIZA S.A. DE SEGUROS • BBVASEGUROS, S.A., DE SEGUROS • AXA SEGUROS GENERALES • ASEFA, S.A. SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • SEGUROS CATALANA OCCIDENTE • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A. • CAHISPA, S.A. DE SEGUROS GENERALES • GES, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. • METRÓPOLIS, S.A. CÍA. NACIONAL DE SEG. • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO • OCASO, S.A. DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • SANTA LUCÍA, S.A. CÍA. DE SEGUROS • SANTANDER SEGUROS Y REASEGUROS

PRIMEIROS PASOS da CORREDURÍA de SEGUROS UCOGA

Iván Novo, Director Xeral de UCOGA

Vou aproveitar esta oportunidade que me brinda a revista de FEIRACO para, antes de nada, presentarme e dar as grazas ás cooperativas fundadoras deste novo proxecto pola súa confianza na miña persoa.

Desde o 14 de febreiro, día sinalado e quizais un sinal de boa sorte, é cando me poño ao fronte de UCOGA.

Desde este momento estamos dando os pasos para construír a correduría de seguros que se adapte de verdade ás necesidades dos socios como empresarios do mundo agrícola e gandeiro.

UCOGA nace cunha filosofía clara: servizo ao socio da Cooperativa. En FEIRACO hai xa tempo que se lle presta unha especial atención a todo o relacionado cos seguros dos seus socios, ademais de destinar recursos humanos e técnicos de calidade para poder dar unha resposta de primeiro nivel aos seus socios.

Pero FEIRACO, do mesmo xeito que as outras cooperativas fundadoras de UCOGA, non quixo estancarse aí. Xa tiñan ás persoas cualificadas e ben formadas e tiñan os medios, e estaban facendo un gran labor, se iso non fora así non habería tantos socios, como hai, cos seus seguros contratados na Cooperativa. Pero decidiron dar un paso máis, decidiron dar o paso que nos leva a UCOGA.

E desde aquí, apoiados na proximidade que supón para o socio a súa cooperativa, imos realizar un labor continuo de procura do mellor para cada caso. Especializarémonos no que realmente preocupa ao agricultor e ao ganadero, ás súas explotacións e ás súas necesidades para traballar con tranquilidade. Por suposto, non nos esqueceremos de todo o que rodea a este gran sector económico da nosa terra, é dicir, o transporte, fábricas e almacéns, etc. E por suposto, o máis importante: AS PERSOAS.

No aspecto puramente técnico quixera destacar unhas pinceladas de con quen e como imos traballar. Traballaremos con compañías de seguros de primeiro nivel no mercado. Compañías sólidas en canto á súa fiabilidad e que demostren unha gran calidade de servizo e produto. Compañías como Mapfre, Allianz, Generali, Plus ultra, etc.

En canto ao como, dicir que en UCOGA teremos un persoal cualificado que dará o respaldo necesario ás vosas persoas de confianza na Cooperativa, para que o seu traballo sexa máis fácil e o socio estea, se cabe, máis satisfeito.

ucoga
CORREDURÍA DE SEGUROS

Logo de falar de sistemas de traballo, medios técnicos e organizacións, debo deixar para o final o máis importante, a ilusión e o sentimento de unidade e fortaleza conxunta que xera o pertencer a algo grande como é unha cooperativa como FEIRACO. Espero que cada socio centre as súas pólizas de seguros no departamento que FEIRACO ten para iso, e así se beneficie das vantaxes comentadas, ademais de axudar a construír entre todos a gran correduría de seguros de Galicia, axude a construír UCOGA.

Para maior información poden poñerse en contacto coa Sección de Seguros de Feiraco:

seguros@feiraco.es
Tlf. 981 818 248.

O Director Xeral de UCOGA, Iván Novo Castro, lugués, dedicou os seus esforzos formativos a especializarse no Sector Asegurador, é titulado superior en mediación de seguros e realizou o curso superior en xerencia de riscos.

Nese sector, no que desenvolveu unha brillante carreira profesional nos últimos 16 anos, iniciouse como inspector de Prosperity Seguros ocupando distintos cargos en TELEPÓLIZA, ata alcanzar a Dirección Xeral.

Iván Novo pilotou en TelePóliza, que foi adquirida recentemente polo Grupo Peris, o proceso de expansión da rede de franquicias a gran parte do territorio nacional, e deixa este posto, para incorporarse a un ilusionante proxecto COOPERATIVO, no que está integrado FEIRACO.

O obxectivo deste proxecto é cubrir todas as necesidades dos nosos SOCIOS no Sector Asegurador, creando a CORREDURíA líder no sector agrogandeiro de Galicia e Cornixa Cantábrica, e aberto, ademais, a todas as necesidades da sociedade actual.

Maíz
Lerma,
Ciclo 500
Máxima producción y máxima calidad.
NOVEDAD
Atlas,
Ciclo 380
Ideal para ensilado y grano.
Manacor,
Ciclo 300
Leader de los 300 en producción y calidad.
fitó
www.semillasfito.com

SEMENTES INNOVADORAS

Fitó comeza a lanzar variedades de ciclo curto como Bonfire e conta con variedades moi produtivas para forraxe en Galicia

O ano pasado Semillas Fitó S.A. chegaba a un acordo coa empresa Suiza DSP para desenvolver material xenético e variedades de ciclos curtos para o cultivo do millo, tan importantes para zonas como Galicia. Este acordo xa está dando os seus froitos coa obtención da variedade **Bonfire**, de ciclo 200 e adaptada a esta zona.

Doutra banda, Fitó mantén o seu programa de investigación para ver a adaptación dos diferentes rangos de ciclo de millo nas condicións deste cultivo en Galicia. Para iso, todos os anos póñense en marcha diferentes campos de ensaio por toda a xeografía galega, como é o caso do ensaio que este ano se está realizando na zona de Boimorto (A Coruña), no que destacaron tanto en produción como en calidade as variedades Carella e Lerma, de ciclo 500, superando ambas os 80.000 Kg/ha en verde para forraxe (o Carella 84.540 Kg/ha e o Lerma 82.130 Kg/ha), demostrando Lerma algo máis de precocidade.

En canto ás variedades de rango de ciclo 300, Manacor segue sendo a variedade de referencia de Fitó, xa que volveu a demostrar este ano a súa alta productividade e calidade nos silos, sendo a variedade máis apreciada polos gandeiros galegos. No entanto, a partir deste ano vanse a ir incorporando novas variedades na gama de ciclos 300, como son Atlas e Salardú.

Outras novidades que vai incorporar Semillas Fitó esta campaña son: Vespera en ciclo 250, variedade que vén avalada polos seus bos resultados en Francia, e Córdoba en ciclo 400, que no campo de ensaio de Boimorto alcanzou os 73.350 Kg/ha en verde.

Para rematar, nos campos de ensaio de Trazo e de Guntín, nos cales había 20 variedades ensaiadas de ciclos 200, 300 e 400, destacaron como ciclos 200 Bonfire e Vespera, en ciclos 300 Manacor, Atlas e Salardú e en ciclos 400 Córdoba, Tauste e Ordino.

Máis información:
www.semillasfito.com

JOSÉ LUIS ANTUÑA, RELATOR de HONRA no PREMIO ARESA de DESENVOLVEMENTO RURAL

O pasado venres día nove de febreiro tivo lugar o acto de entrega da décimo terceira edición do Premio Aresa de Desenvolvemento Rural ao proxecto empresarial Champivil, unha sociedade familiar fundada en Vilalba dedicada á elaboración e comercialización dun amplo abano de produtos agroalimentarios. A distinción foille concedida pola súa labor de promoción e valorización dos produtos locais, de xeración de riqueza e emprego no medio rural e pola súa contribución a fixar a poboación.

O galardón foi creado no ano 2000 por Aresa en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de premiar unha persoa, empresa ou institución que tivese contribuído de xeito destacable á mellora do ámbito rural de Galicia.

Por esta razón os promotores do premio quixeron contar cunha das persoas máis representativas neste eido como relator invitado, o director xeral de Feiraco, José Luis Antuña, que antes de participar na entrega que se celebrou no auditorio da Facultade de veterinaria de Lugo, impartiu a conferencia titulada "O sector lácteo nun mundo globalizado", na que avaliou tanto a situación actual do sector lácteo como os retos de cara ao futuro que terá que afrontar.

O presidente da Interprofesional Láctea Española comezou a súa intervención felicitando aos premiados sinalando que eles "son o mellor exemplo de como hai que abordar o mercado no século da globalización, que apenas naceu pero que xa nos sinala o camiño".

E advertiu que "o mundo cambia sen que nos decatemos, cando nos decatamos a realidade é outra e non volverá a anterior, é o que cremos que está a pasar nesta crise, que non volverán os vellos tempos de esplendor, os excesos de liquidez financeira, os investimentos sen sentido, senón outros tempos, outro modelo de crecemento, outras claves, esta vez globais, que definen os mercados e os segmentos".

Sinalou que "nos dous últimos séculos invertéronse totalmente as curvas que relacionan produción, industria e distribución. Durante a historia humana a produción foi o factor dominante, pero coa revolución industrial e a modernización das estruturas comerciais que se inician no século XX a distribución comercial adquire un dominio absoluto que levou a imposición de prezos por embaixo do seu costo de produción". E que "esta situación, vencellada ao reducido tamaño dos produtores, rompeu o desexable equilibrio entre provedores e distribuidores".

Tras realizar a análise e o diagnóstico da problemática actual do sector, centrouse no futuro do mesmo, salientando que pasará por "un novo marco xeral de actuación establecido pola PAC, con cambios na modalidade de primas e finalización do réxime de cotas, pero tamén coa implantación do paquete lácteo con achegas de grande interese, como o contrato homologado e as organizacións de produtores. Ambos os dous asuntos introducirán transparencia e capacidade de actuación na formación dos prezos; ademais potenciarase a interprofesional láctea mediante a extensión de norma e a responsabilidade do sector sobre o seu control e promoción".

Ao que engadiu que "as novas modalidades comerciais, con soporte na rede Internet, permiten novos proxectos empresariais, e os criterios de sostibilidade das producións súmanse aos xa obrigatorios de calidade certificada e trazabilidade, sendo capaces de xerar maior valor engadido".

Fixo un chamamento á acción e á unidade

Destacou que as dúas novas leis en curso, a da cadea de valor e a de concentración cooperativa, "afrontan dous problemas endémicos do sector, por un lado inténtase evitar o oligopolio da distribución comercial, sobre o que hai gran preocupación na comisión europea e determinados informes alertan sobre a necesidade de actuar para evitalo; e por outro, o sector en Galicia presenta unha profunda debilidade, a súa escasa dimensión e a súa aínda máis escasa achega de valor".

"Aí están as nosas tarefas, hai países na Unión Europea cunha soa cooperativa e en Francia acábanse de concentrar dúas cooperativas lácteas para alcanzar un mínimo de 2.000 millóns de euros de facturación, fronte a primeira cooperativa láctea de Galicia que factura pouco máis de 100 millóns."

Rematou a súa intervención cunha mensaxe de optimismo, lembrando que "o cooperativismo xa demostrou o seu éxito en modelos económicos en desenvolvemento e en sociedades avanzadas, e que moitas das grandes industrias mundiais lácteas son cooperativas".

"Mais non podemos pensar que a realidade se adapte ao que somos, senón que temos que ser actores determinantes na súa construción, e para iso debemos aceptar as claves que determinan o sector neste século para alcanzar unha posición digna que nos garanta o futuro". A traballar nese sentido animou a todos os alí presentes.

A FUNDACIÓN FEIRACO CREA o CENTRO de DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO

Dende o pasado 22 de xaneiro a Fundación Feiraco acollerá o novo Centro de Desenvolvemento Cooperativo, unha iniciativa que naceu ao amparo da Rede EUSUMO, da Xunta de Galicia, dentro do Programa Operativo do Fondo Social Europeo 2007-2013. A inauguración correu a cargo do presidente da Cooperativa, José Montes, e do director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, que deron paso a un amplo programa de intervencións que achegaron unha idea global da filosofía e obxectivos deste Centro e do cooperativismo como chave para a reactivación económica e social do medio rural galego é o seu fundamento.

Fundación Feiraco, un ano de traballo na Rede EUSUMO

O programa da xornada incluíu, da man da xefa de Servizos Cooperativos de Feiraco, María José Picallo, o balance da actividade da Cooperativa no marco da Rede EUSUMO antes da creación do novo Centro, durante o pasado 2012, Ano Internacional das Cooperativas proclamado polas Nacións Unidas. Destacaou o obradoiro de emprendemento, organizado pola Fundación Feiraco en colaboración coa Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA); o obradoiro para asesorías, conxuntamente coa Unión de Cooperativas de Traballo Asociado; accións coa Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL), ou a acción coa Federación de Cooperativas (Sinerxia) a fin de coordinar o taller de comercialización e organización cooperativa do encaixe de Camariñas.

Concluíu a súa intervención destacando que "O fomento da visión empresarial e emprendedora entre a xente nova resulta estratéxica de cara ao futuro desenvolvemento de Galicia, e o cooperativismo ou calquera outra fórmula de asociacionismo de economía social, poden ser a vía ou o instrumento que lles posibilite o camiño cara ao éxito".

A sesión proseguiu coa exposición do subdirector xeral de Cooperativas e Economía Social, Xoán Miguel Concheiro Abal, sobre os obxectivos, funcionamento e servizos do Centro da Rede EUSUMO na Fundación Feiraco para dar paso ao relatorio do director xeral de Feiraco, José Luís Antuña, "un modelo empresarial cooperativo", no que analizou as claves desta fórmula de negocio como motor de desenvolvemento socio económico do agro galego.

O xerente de AGACA, Higinio Mougán, reflexionou sobre as cooperativas como fórmula de creación de emprego no ámbito rural e diferentes experiencias de emprendemento cooperativo e autoemprego pecharon a sesión

da man dalgúns dos técnicos da Rede EUSUMO.

Rede Eusumo, Economía Social en Galicia para combater a crise

A Fundación Feiraco, fiel ao seu compromiso coa sociedade e de desenvolvemento da súa contorna, quixo integrarse na Rede Eusumo e aportar o seu gran de area a este macro proxecto galego de Responsabilidade Social.

A Rede Eusumo nace impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronteirizo. Foi creada para promover este modelo empresarial cooperativo como fórmula para xerar emprego no ámbito rural e como oportunidade para o emprendemento e experiencias de autoemprego.

FEIRACO e CLESA, PRIMEIRAS EMPRESAS GALEGAS en SUMARSE ao CONVENIO "LÁCTEOS SUSTENTABLES" PROMOVIDO polo MINISTERIO de AGRICULTURA

Feiraco, S.C.G. e Clesa, ademais de Alimentos Lácteos, foron as primeiras empresas galegas en adherirse ao convenio "Lácteos Sustentables", promovido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio para garantir a sostibilidade do sector gandeiro e retribuír axeitadamente a todos os actores implicados na cadea de subministración de leite e produtos lácteos.

Un acordo, que segundo o ministro Arias Cañete, "busca mellorar a percepción do leite español, incentivar o seu consumo, evitar a banalización nos puntos de venda e avanzar cara a un sector lácteo sostible que permita a viabilidade de 22.000 produtores".

En sintonía con estas palabras, o director xeral de Feiraco e presidente da Interprofesional Láctea Española (INLAC), José Luis Antuña, afirmou que este convenio, xunto cos últimos avances sectoriais, marcan o camiño correcto para garantir o futuro dos gandeiros e do campo, ademais de permitir que o leite deixe de ser nos liñais un mero impulsor de vendas (produto reclamo).

Tras a firma, todas as industrias lácteas que se adheriron ao convenio, 14 en total, ademais de 9 cadeas de distribución alimentaria, incluirán nos seus cartóns de leite o logo do programa Produtos Lácteos Sustentables que identificará a orixe española do seu produto que se implementará con contratos cos seus gandeiros

para a subministración do leite. Pola súa banda as empresas de distribución que selaron o acordo non poderán realizar promocións que provoquen unha perda de valor dos produtos lácteos.

Compromiso co agro galego

Tanto Feiraco coma Clesa son dúas empresas galegas comprometidas con todos os axentes implicados no seu labor, que defenden os intereses dos gandeiros, que presumen de ser leite 100% galego e que traballan cada día para mellorar a xestión dos seus procesos para conseguir calidade, innovación e seguridade nos seus produtos e servizos, como camiño para xerar riqueza no seu ámbito, servizos útiles aos seus clientes e estabilidade laboral no seo da empresa.

Tras a subscrición deste convenio, ambas as dúas industrias de

signo cooperativo continuarán practicando o comercio responsable, o que as converte en empresas de referencia dentro do sector lácteo.

COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS PROMOVE unha NOVA OPL

Tres Organizacións de Produtores de Leite (OPL) de base cooperativa, reunidas en Madrid o 14 de febreiro, acordaron establecer as bases para a constitución dunha Asociación de OPLs de ámbito estatal, con respecto a unha misión compartida: garantir a sustentabilidade das explotacións gandeiras integradas nas devanditas Organizacións.

A nova Asociación estará formada por Lacteoscoop, que agrupa a cooperativas de Castela e León e Cataluña; Aprolact, integrada por cooperativas de Galicia, e OPL de Cooperativas del Sur, que a forman cooperativas de Andalucía, Extremadura e Castela a Mancha.

Entre as tres Organizacións agrupan máis dun millón de toneladas de leite, que representan máis do 15% do total da cota láctea de España.

As cooperativas lácteas consideran imprescindible, para alcanzar os seus obxectivos, establecer unha plataforma negociadora conxunta fronte ao sector industrial, así como unha unidade operativa, que lles permita unha planificación óptima da produción segundo a demanda, especialmente no referente á calidade e á cantidade. Todo iso repercutirá, ademais, nunha mellor xestión dos custos de produción e permitirá implantar estratexias comúns de recollidas.

As tres OPs consideran que a eficacia na unidade de negociación e de operatividade está moi relacionada co volume de produción que controlen, de aquí a importancia desta Asociación, que está aberta á adhesión doutras OPs que estean constituídas ou que se poidan crear no futuro.

Durante a reunión tamén se debateu sobre a natureza xurídica da Asociación, que sería unha cooperativa de segundo grao e podería estar operativa e en pleno funcionamento para o próximo mes de abril.

As cooperativas lácteas consideran imprescindible, para alcanzar os seus obxectivos, establecer unha plataforma negociadora conxunta fronte ao sector industrial

Personaxes populares en tempos malos

Maximino Viaño García

Vendo o mundo de hoxe vennos moitas veces á memoria as nosas vivencias e os contos e pasaxes históricas que escoitamos dos nosos mestres, dos pais, dos avós e dos vellos nas aldeas. Entendemos que é moi importante poder achegar á xuventude algúns retallos da nosa historia. Que saiban algo máis das súas raíces. Que non esquezan que as xeracións que nos precederon, co que sabían, axudaron a ir contruír este mundo de que temos.

Van alá moitos que fixeron moito por esta terra e que noutras oportunidades nos ocuparemos deles; pero hoxe imos lembrar dous personaxes moi populares na primeira metade do século pasado que foron fillos da máis inmunda miseria: SUPRIÁN e MANUEL TOLO.

SUPRIÁN: chamábase Cipriano Blanco Cameán, da parroquia de Coucieiro do Concello de Buxán (hoxe Val do Dubra) que pedir esmola por todas estas aldeas.

Dicía que tiña "o meigallo" que llo botara Mari-Pepa do Cuco de Maxais nunha cunca de papas.

Cando lle preguntaban se lle gustaban as mulleres contestaba: ¡Ai se non fora tan suprián!

Na miña aldea, Lamas de Ames, xa tiñan destinado unha pía de pedra que había na eira de arriba, onde tiña que sentarse e levábanlle alí a esmola todas as casas da aldea. Ao marchar acendían unha fogueira para desinfectar o sitio. Era un verdadeiro espectáculo, repugnante, por Deus que o era; polas raias do chaleco de pana subíanlle os piollos a moreas e el estaba constantemente refregando os sobacos.

Se lle dicían ¡estate quieto Suprián!, contestaba: ¡que estean eles coño! ¡que estean eles!

Apareceu morto, unha noite de neve, nun pallal en Bembibre.

MANUEL TOLO, era de Francelos na parroquia de Ribasar, concello de Rois. Non ía pedir polas portas coma Suprián. Andaba todo o ano descalzo e pedía nas feiras e nas romarías, nas que tiña por costume espirse totalmente no medio da xente cando lle pegaba a tolemia; creando a conseguinte zarangallada ata que conseguían que se vestise.

Un 3 de febreiro día de San Brais na Ponte Maceira, cravou unha punta de piso nun pé; descravouna e avalándoa na palma da man expresaba:

¡AI SE A COLLE UNHA VACA! ¡ANIMALIÑO! ¡ANIMALIÑO!

LG Animal Nutrition

NOVEDAD

0.27 HDi®

32.64 HDi®

LG 33.85

HDi® hybrids
High Digestibility Inside

Campaña de taller

marzo 2013

Batería CECAUTO 70 AP	65,34 €
Batería CECAUTO 126 AP	135,52 €
Cubertas VREDESTEIN 195-65-15 SPORTRAC-5 91V	62,00 €
Cubertas VREDESTEIN 195-55-15 SPORTRAC-5 85V	85,00 €
Cubertas VREDESTEIN 225-45-17 ULTRAC CENTO 94Y	100,00 €
Aceite CEPSA 5W40	21,75 €

VREDESTEIN
DESIGNED TO PROTECT YOU

Este mes prezos especiais en KIT de DISTRIBUCIÓN

CAIXÓN DE XASTRE

SE VENDEN

Rotoempacadora LACASTA P11 LINCE en bo estado.
Tlf. 617 999 320

Rotativa de 1,80 m. de corte en moi bo estado.
Tlf. 646 578 589

Tanque de frío PACKO, cerrado electrónico con lavado automático de 3.200 l.
Tlf. 607 414 991

Dentro dos servizos da Cooperativa ós socios, presentamos esta sección "Caixón de Xastre" na que damos conta de todos aqueles produtos, apeiros, máquinas, animais, etc., que os socios teñan sobrantes ou en desuso nas súas explotacións e poidan ser de utilidade a outros, sen ningún custo para eles.

O ENTROIDO sabe a FEIRACO

EDICIÓN ESPECIAL
ENTROIDO
2013

FEIRACO

Alimentando un xeito de ser